PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA1º BACHARELATO (HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO)

DEPARTAMENTO XEOGRAFÍA E HISTORIA

Profesor de 1º BACHARELATO: José Fernández Izquierdo.

CURSO 2021-2022

ÍNDICE.

1. Introdución e contextualización (páx. 3).
2. Obxectivos (páx. 5).
3. Contidos (páx. 7).
4. Estándares de aprendizaxe avaliables: concreción en relación coas competencias clave,a temporalización, o grao mínimo de consecución para superar a materia e os procedementos e instrumentos de avaliación (páx. 9).
5. Metodoloxía didáctica(páx. 24).
6. Materiais e recursos didácticos (páx. 25).
7. Procedemento de avaliación continúa: criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado (páx. 26) .
8. Procedemento de avaliación extraordinaria (páx. 27).
9. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente(páx. 27) .
10. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes (páx. 29) .
11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais e colectivas que se poidan adoptar (páx. 29).
12. Medidas de atención á diversidade (páx. 29).
13. Elementos transversais (páx. 30).
14. Actividades complementarias e extraescolares (páx. 31).
15. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas e procesos de mellora (páx. 32).

1. Introdución e contextualización.

O noso departamento de Xeografía e Historia está formado por 2 profesores e unha profesora con praza fixa e unha profesora que ocupa praza provisional. O equipo levamos, na súa maioría, traballando xuntos e coordinados e consideramos que temos uns criterios uniformes na concepción do que debe ser o noso centro e o proceso de ensino, estando a conseguir a maior parte dos nosos obxectivos anuais.

O profesorado do departamento tamén tenta aplicar as novas metodoloxías educativas como o traballo por proxectos documentais, dunha maneira cada vez máis relevante no noso proceso de ensino-aprendizaxe, así como a introducción das TICs como ferramenta educativa.

Así pois como liñas xerais da programación desta materia insistimos nas seguintes:

- O estudo da materia de Historia do Mundo Contemporáneo é esencial para o coñecemento e a comprensión do mundo actual.

- Tamén é importante o seu carácter formativo, xa que desenvolve capacidades e técnicas intelectuais propias do pensamento abstracto e formal, tales como a observación, a análise, a interpretación, a capacidade de comprensión e o sentido crítico.

- Por outra banda, a historia contribúe decisivamente á formación de cidadáns e cidadás responsables, conscientes dos seus dereitos e das súas obrigas, así como da herdanza recibida e do seu compromiso coas xeracións futuras.

- Haberá que favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para o traballo individual e cooperativo e para actuar con espírito crítico.

- Tamén se tenta contribuír a fomentar e adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade entre homes e mulleres, os dereitos humanos, a non discriminación e os valores democráticos, recoñecendo a diversidade e valorando o patrimonio cultural e histórico recibido.

- A cronoloxía debe ser o eixe do coñecemento histórico, porque non hai historia sen acontecementos, e no histórico está presente a idea de cambio, e precisamente para explicar tal cambio debemos recorrer á causalidade múltiple.

- Os contidos de Historia do Mundo Contemporáneo arrancan dun estudo do Antigo Réxime e a súa crise e, a partir da Época das Revolucións entender as transformacións ocorridas no século XIX, para chegar ao século XX, onde se analizará tanto o Mundo en Guerra da 1ª metade como o Mundo da Posguerra durante a segunda metade. Así se tratará de comprender o mundo actual, definido polas áreas xeopolíticas e culturais, dentro da globalización, cos conflitos que o caracterizan.

- Para unha mellor comprensión da realidade social a historia enriquécese coas achegas doutras disciplinas como a economía, a socioloxía, a ecoloxía ou a historia da arte, incluíndo tamén a análise de xornais e de outros medios de comunicación, a historia oral ou a comparación con novelas históricas deses feitos históricos.

- Débense desenvolver conceptos, pero tamén procedementos da investigación histórica, cun vocabulario científico da disciplina que requirirá rigor e espírito de traballo, exposicións, correcta ortografía e expresión que lle permitan ao alumnado establecer os seus razoamentos e argumentacións.

2. Obxectivos.

2.1. En primeiro lugar, compre lembrar os **obxectivos xerais da etapa (BACH)** recollidos no DOG de 29 de xuño de 2015:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

2.2. En concreto os **obxectivos do curso de 1º BACHARELATO** son os seguintes:

1. Ampliar e utilizar, con precisión e rigor, o vocabulario propio das ciencias sociais.
2. Interpretar correctamente a información procedente de fontes de diverso tipo como mapas, gráficas, manifestacións artísticas, documentos escritos, utilizando especialmente fontes propias da historia contemporánea (prensa, fotografía, radio, cine, tv…)
3. Ordenar cronoloxicamente os acontecementos históricos máis salientables, adquirindo hábitos de aplicar con rigor a cronoloxía.
4. Localizar os acontecementos históricos no espazo, mediante a interpretación, análise e comentario de mapas históricos.
5. Elaborar eixos cronolóxicos, esquemas, organigramas e mapas conceptuais para representar os fenómenos históricos traballados.
6. Construír e interpretar gráficos e mapas históricos.
7. Comentar textos históricos e iniciarse na elaboración o composición dun texto, partindo dos documentos presentados.
8. Explicar as bases económicas, sociais e políticas do Antigo Réxime (séculos XVI-XVIII).
9. Caracterizar os cambios producidos nas sociedades europeas durante a época das revolucións (século XIX).
10. Comprender os procesos de colonización - descolonización, analizando elementos e factores que determinaron as novas fronteiras e modos de goberno nos novos países independentes.
11. Describir os movementos sociais modernos e a súa dimensión política: movementos obreiros, internacionalismo, sufraxismo, feminismo, pacifismo...
12. Analizar os feitos e acontecementos desenvolvidos durante o século XX.
13. Coñecer os principais personaxes relacionados coa historia do mundo contemporáneo
14. Diferenciar democracia e ditadura.
15. Determinar os contidos e a simboloxía das ideoloxías totalitarias, e xulgalas polos efectos que produciron tanto nos países onde se impuxeron coma no resto do mundo.
16. Entender os aspectos esenciais de fenómenos que se están producindo na actualidade: integrismos relixiosos, terrorismo internacional, conflitos nacionalistas, etc.
17. Identificar as principais correntes artísticas do século XIX e XX, así como os artistas principais.
18. Recoñecer as actitudes e situacións discriminatorias que tiveron lugar ó longo da historia por razón de raza, sexo, relixión... ou de calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
19. Valorar a diversidade lingüística e cultural; e ser respectuosos e tolerantes coas actitudes, crenzas e formas de vida de persoas ou grupos que pertencen a sociedades ou culturas diferentes á propia
20. Apreciar os dereitos e liberdades humanas como unha conquista da humanidade, potenciando os valores de tolerancia e solidariedade cos pobos, grupos sociais e persoas privadas dos seus dereitos ou dos recursos necesarios.
21. Asumir actitudes de responsabilidade individual seguindo as normas hixiénico - sanitarias como unha maneira clave de protección e defensa da saúde pública.

3. Contidos. Entendendo os contidos como o conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos e á adquisición de competencias, dende o departamento de Xeografía e Historia ordenámolos do seguinte xeito:

3.1. Coñecementos:A IDADE CONTEMPORÁNEA

INTRODUCCIÓN: O Antigo Réxime
1. O Antigo Réxime (século XVIII): Réxime demográfico antigo.Feudalismo.Sociedade estamental.Monarquía absoluta.

AS GRANDES TRANSFORMACIÓNS DO SÉCULO XIX
2. As revolucións liberais-burguesas: Revolución Francesa.
3. As transformacións económicas: o Capitalismo.Revolución agrícola.Revolución industrial.Revolución demográfica.
4. A sociedade de clases e o movemento obreiro. Socialismo. Anarquismo
5. Nacionalismo e Imperialismo.

UN MUNDO EN GUERRA (1914 / 1945)
6. A Primeira Guerra Mundial
7. A Revolución Rusa
8. A Gran Depresión
9. Os Fascismos
10. A Segunda Guerra Mundial

O MUNDO DA POSGUERRA (1945/ 1991)
11. A Guerra Fría: Un mundo dividido.
12. A Descolonización

AS CLAVES DO SÉCULO XXI
13. Panorama do mundo actual

ERÁSE UNHA VEZ…A ARTE CONTEMPORÁNEA
14. As correntes artísticas do século XIX.
15. As correntes artísticas: As vangardas
16. A arte da segunda metade do século XX.

3.2. Procedementos, habilidades e destrezas:

- Elaboración de mapas e gráficas para entender os diferentes aspectos das distintas sociedades.
- Tratamento da información: elaboración de esquemas e sínteses, e interpretación de mapas temáticos e conceptuais.
- Elaboración de eixes cronolóxicos xerais e parciais.
- Confección dun glosario de termos básicos, utilizando no seu caso diccionarios de todo tipo.
- Realización dunha relación biográfica dos principais personaxes.
- Utilización de fontes diversas (orais, escritas, iconográficas, materiais) para entender os procesos históricos, distinguindo as fontes primarias das secundarias ou historiográficas.
- Comentario e composición de textos.

3.3. Actitudes

- Exposición clara e concisa de conceptos.
- Uso correcto das diversas fontes utilizadas, valorándoas como medios axeitados para o estudio da historia.
- Adquisición de hábitos de traballo nos que se recoñeza a importancia dunha presentación no seu debido tempo, ordeada, rigurosa e pulcra.
- Construción dun grado de autonomía para a realización de tarefas e busca de información.
- Conciencia da necesidade da conservación e mellora do patrimonio natural e cultural para procurar unha mellor calidade de vida.
- Adquisición de actitudes de respecto ás persoas, independentemente do seu sexo, raza, relixión e procedencia social…
- Conciencia da necesidade da paz como ben primordial, rexeitando a guerra como factor resolutivo dos conflitos.
- Valoración da pluralidade política como condición indispensable para una convivencia pacífica e igualitaria, rexeitando calquera tipo de intolerancia e discriminación.
- Asimilación de actitudes de responsabilidade individual seguindo as normas hixiénico - sanitarias como unha maneira clave de protección e defensa da saúde pública.

4. Estándares de aprendizaxe avaliables...

O DOG do 1 de agosto de 2016 establece entre unha serie de elementos de inclusión obrigatoria nas programacións didácticas (artigo 24.3) os seguintes puntos: *b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliables da materia que forman parte dos perfís competenciais* e *d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de 1º Temporalización. 2º Grao mínimo de consecución para superar a materia. 3º Procedementos e instrumentos de avaliación.* Dende o departamento de Xeografía e Historia consideramos que é moito máis operativa a programación se xuntamos ambos puntos nunha única táboa que relacione eses elementos: os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe, as competencias claves, a temporalización, o grao mínimo de consecución e os instrumentos de avaliación.

Así as competencias chave serán as seguintes:CCL: Comunicación lingüística. CMCCT: Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. CD: Competencia dixital. CAA: Aprender a aprender. CSC: Competencias sociais e cívicas. CSIEE: Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.CCEC: Conciencia e expresións culturais.

A achega da materia de Xeografía e Historia ao desenvolvemento das competencias chave é moi salientable. A través da materia se desenvolven competencias como as competencias sociais e cívicas (CSC), en relación con contidos propios tanto de Historia como de Xeografía, e a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT), en Xeografía. A competencia de conciencia e expresións culturais (CCEC) ten unha presenza destacada pola relación que o estudo das manifestacións culturais e artísticas teñen na historia, e de maneira específica na historia da arte. A importancia que a materia ten para o desenvolvemento da competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CCEC) evidénciase na relación con coñecementos de xeografía e historia económicas, pero tamén na dimensión máis procedimental. O desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística (CCL), da competencia dixital (CD) e da competencia de aprender a aprender (CAA) impregnan todo o currículo de Xeografía e Historia, pois presentan unha dimensión instrumental que nos obriga a telas presentes ao longo do curso de 2º de ESO.

Mentres que os instrumentos de avaliación serán os seguintes: PE: Proba escrita. C: Caderno. PD: Proxecto documental. OU: Outros (actividades de todo tipo, incluíndo as realizadas on-line, destacando a análise e comentario de mapas, gráficas e textos, tamén se terán en conta as intervencións na aula, a observación da evolución do alumnado no proceso de aprendizaxe...). Incluiremos tamén todas as probas, proxectos e actividades que se fagan on-line.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización	Avaliación
Bloque 1. O Antigo Réxime.							
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B1.1. Trazos do Antigo Réxime.	▪ B1.1. Definir e esquematizar os trazos do Antigo Réxime, describindo os seus aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais, utilizando diferentes tipos de diagramas.	▪ HMCB1.1.1. Extrae os trazos do Antigo Réxime dun texto proposto que os conteña.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL	Comenta textos históricos.	1ª avaliación	C OU
			▪ HMCB1.1.2. Obtén e selecciona información escrita e gráfica relevante, utilizando fontes primarias ou secundarias, relativa ao Antigo Réxime.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD	Interpreta diferentes instrumentos de traballo histórico.	1ª avaliación	C OU
			▪ HMCB1.1.3. Clasifica os trazos do Antigo Réxime en aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL ▪ CCEC	Explica as características do Antigo Réxime.	1ª avaliación	C PE OU
			▪ HMCB1.1.4. Elabora mapas conceptuais que explican os trazos característicos do Antigo Réxime.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL	Explica as características do Antigo Réxime.	1ª avaliación	C PE OU
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B1.3. Revolucións e parlamentarismo en Inglaterra.	▪ B1.3. Explicar o parlamentarismo inglés do século XVII resumindo as características esenciais do sistema e valorando o papel das revolucións para alcanzar as transformacións necesarias para logralo.	▪ HMCB1.3.1. Describe as características do parlamentarismo inglés a partir de fontes históricas.	▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL	Distingueparlamentarismo inglés da monarquía absoluta.	1ª avaliación	C PE OU
			▪ HMCB1.3.2. Distingue as revolucións inglesas do século XVII como formas que promoven o cambio político do Antigo Réxime.	▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL	Caracteriza as revolucións inglesas do XVII como un antecedentes revolucións liberais-burguesas	1ª avaliación	C PE OU
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B1.4. O pensamento da Ilustración.	▪ B1.4. Relacionar as ideas da Ilustración co Liberalismo de comezo do século XIX, establecendo elementos de coincidencia entre ambas as ideoloxías.	▪ HMCB1.4.1. Enumera e describe as ideas da Ilustración e as do Liberalismo de comezos do século XIX.	▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL	Indica as principais ideas da Ilustración	1ª avaliación	C OU
			▪ HMCB1.4.2. Establece as semellanzas e AS diferenzas entre as ideas da Ilustración e o Liberalismo de comezos do XIX.	▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL	Compara as ideas da Ilustración e do Liberalismo.	1ª avaliación	C OU

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización	Avaliación
a, b, c, d, e h, m, n	▪ B1.6. Manifestacións artísticas do momento.	▪ B1.6. Diferenciar manifestacións artísticas do Antigo Réxime e seleccionar as obras máis destacadas.	▪ HMCB1.6.1. Distingue e caracteriza obras de arte do Rococó.	▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA	Identifica obras artísticas do Rococó	1ª avaliación	PD PE
Bloque 2. As revolucións industriais e as súas consecuencias sociais							
a, b, c, d, e h, l	▪ B2.1. Revolución industrial: concepto, factores que a fan posible (económicos, sociais e ideolóxicos).	▪ B2.1. Obter información que permita explicar as revolucións industriais do século XIX, seleccionándoa das fontes bibliográficas ou en liña nas que se ache dispoñible.	▪ HMCB2.1.1. Identifica as causas da primeira Revolución Industrial.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL	Explica as causas da Revolución Industrial.	1ª avaliación	C PE OU
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ l	▪ B2.2. Revolución ou revolucións industriais: características. Transformacións técnicas e novas fontes de enerxía.	▪ B2.2. Describir as Revolucións Industriais do século XIX e establecer os seus trazos característicos e as súas consecuencias sociais	▪ HMCB2.2.1. Explica razoadamente a evolución cara á segunda Revolución Industrial.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL	Entende as fases da Revolución Industrial	1ª avaliación	C PE OU
			▪ HMCB2.2.2. Analiza comparativa e esquematicamente as dúas revolucións industriais.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL	Compara a primeira e a segunda revolución industrial..	1ª avaliación	C PE OU
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h ▪ m ▪ p	▪ B2.3. Protagonismo de Gran Bretaña e extensión do proceso de industrialización a outras zonas de Europa. Industrialización extra-europea. Industrialización española e galega.	▪ B2.3. Enumerar os países que iniciaron a industrialización, localizalos adecuadamente e establecer as rexións onde se produce ese avance.	▪ HMCB2.3.1. Localiza nun mapa os países industrializados e as súas rexións industriais.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CD	Interpreta mapas históricos..	1ª avaliación	C OU
			▪ HMCB2.3.2. Analiza aspectos que expliquen o desenvolvemento económico do sector industrial dos primeiros países industrializados, a partir de fontes historiográficas.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL ▪ CMCCT	Interpreta diferentes instrumentos de traballo histórico.	1ª avaliación	C OU
			▪ HMCB2.3.3. Debate en torno ao éxito ou o fracaso da industrialización en España e en Galicia.	▪ CSC ▪ CAA	Comprende os trazos da industrialización española e galega.	1ª avaliación	C OU

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización	Avaliación
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h ▪ l	▪ B2.4. Cambios debidos á Revolución Industrial: transportes, agricultura, poboación	B2.4. Identificar os cambios nos transportes, na agricultura e na poboación que influíron ou foron consecuencia da Revolución Industrial	▪ HMCB2.4.1. Sinala os cambios sociais máis relevantes do século XIX asociándoos ao proceso da Revolución Industrial.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CSIEE	Explica as transformacións da industrialización, facendo fincapé na explotación laboral da muller...	1ª avaliación	C PE OU
			▪ HMCB2.4.2. Describe a partir dun plano a cidade industrial británica.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL	Interpreta diferentes instrumentos de traballo histórico.	1ª avaliación	C OU
			▪ HMCB2.4.3. Identifica en imaxes os elementos propios da vida nunha cidade industrial do século XIX.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD	Interpreta diferentes instrumentos de traballo histórico.	1ª avaliación	C OU
			▪ HMCB2.4.4. Comenta mapas que expliquen a evolución da extensión das redes de transporte: ferrocarril, estradas e canles.	▪ CSC ▪ CCL ▪ CD	Interpreta diferentes instrumentos de traballo histórico.	1ª avaliación	C OU
a, b, c, d, e h, m	▪ B2.5. Economía industrial: pensamento e primeiras crises.	▪ B2.5. Analizar e seleccionar ideas que identifiquen as características da economía industrial e do liberalismo económico.	▪ HMCB2.5.1. Explica as causas e consecuencias das crises económicas e as súas posibles solucións a partir de fontes históricas.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL	Caracteriza o capitalismo, entendendo que na súa evolución son frecuentes as crises cíclicas.	1ª avaliación	C PE OU
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ m	▪ B2.6. Nacemento do proletariado e organización da clase obreira: orixes do sindicalismo e correntes de pensamento; partidos políticos obreiros.	▪ B2.6. Coñecer as correntes de pensamento que pretenden mellorar a situación da clase obreira do século XIX.	▪ HMCB2.6.1. Compara as correntes de pensamento social da época da Revolución Industrial: socialismo utópico, socialismo científico e anarquismo.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL	Compara o marxismo e o anarquismo	1ª avaliación	C PE OU
			▪ HMCB2.6.2. Distingue e explica as características dos tipos de asociacionismo obreiro.	▪ CSC ▪ CCL	Distingue a tipoloxía do movemento obreiro	1ª avaliación	C PE
Bloque 3. A crise do Antigo Réxime							
a, b, c, d, e, h, i	▪ B3.1. Crise do Antigo Réxime: visión global.	▪ B3.1. Analizar a evolución política, económica, social, cultural e de pensamento que caracteriza a primeira metade do século XIX.	▪ HMCB3.1.1. Realiza eixes cronolóxicos que inclúan diacronía e sincronía dos acontecementos da primeira metade do século XIX.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CMCCT	Elabora un eixe cronolóxico, incluíndo feitos, personaxes e símbolos.	1ª avaliación	C OU

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización	Avaliación
a, b, c, d, e, h	▪ B3.2. Nacemento dos EEUU.	▪ B3.2. Describir as causas e o desenvolvemento da independencia de Estados Unidos, e establecer as causas máis inmediatas e as etapas da independencia.	▪ HMCB3.2.1. Identifica xerarquías causais na guerra de independencia dos Estados Unidos a partir de fontes historiográficas.	▪ CSC ▪ CCL ▪ CAA	Explica as causas e consecuencias da revolución americana	1ª avaliación	C PE OU
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B3.3. Revolución Francesa de 1789: aspectos políticos e sociais.	▪ B3.3. Explicar, a partir de información obtida en internet, a Revolución Francesa de 1789, incluíndo cada idea obtida nas causas, no desenvolvemento e nas consecuencias.	▪ HMCB3.3.1. Explica as causas da Revolución Francesa de 1789.	▪ CSC ▪ CCL	Comenta as causas estruturais e inmediatas da revolución francesa.	1ª avaliación	C PE OU
			▪ HMCB3.3.2. Explica esquematicamente o desenvolvemento da Revolución Francesa.	▪ CSC ▪ CCL ▪ CAA	Comprende as fases da revolución francesa. Compara a monarquía absoluta e a constitucional.	1ª avaliación	C PE OU
a, b, c, d, e g, h	▪ B3.4. Imperio Napoleónico.	▪ B3.4. Identificar o Imperio Napoleónico, localizar a súa expansión europea e establecer as súas consecuencias.	▪ HMCB3.4.1. Identifica nun mapa histórico a extensión do Imperio Napoleónico.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CD	Interpreta mapas históricos.	1ª avaliación	C PD OU
a, b, c, d e, h	▪ B3.5. O Congreso de Viena e o Absolutismo.	▪ B3.5. Analizar a transcendencia para Europa do Congreso de Viena e a restauración do absolutismo, e identificar as súas consecuencias para os países implicados.	▪ HMCB3.5.1. Analiza as ideas defendidas e as conclusións do Congreso de Viena, e relaciónaas coas súas consecuencias.	▪ CSC ▪ CCL ▪ CAA	Explica as consecuencias do Congreso de Viena	1ª avaliación	C PD OU
a, b, c, d, e h, p	▪ B3.6. Revolucións liberais ou burguesas de 1820, 1830 e 1848. O caso español.	▪ B3.6. Identificar as revolucións burguesas de 1820, 1830 e 1848, e relacionar as súas causas e o seu desenvolvemento.	▪ HMCB3.6.1. Compara as causas e o desenvolvemento das revolucións de 1820, 1830 e 1848.	▪ CSC ▪ CCL	Elabora un cadro comparativo das ondas revolucionarias da primeira metade do século XVIII.	1ª avaliación	C OU
a, b, c, d, e g, h	▪ B3.7. O Nacionalismo: unificacións de Italia e Alemaña.	▪ B3.7. Coñecer o proceso de Unificación de Italia e Alemaña, obtendo o seu desenvolvemento a partir da análise de fontes gráficas.	▪ HMCB3.7.1. Describe e explica a unificación de Italia e a de Alemaña a partir de fontes gráficas.	▪ CSC ▪ CCL ▪ CD	Entende a unificación italiana e alemá e as súas consecuencias territoriais.	1ª avaliación	C PD OU
a, b, c, d, e h, m, n	▪ B3.8. Cultura e Arte: Europa entre o neoclasicismo e o romanticismo.	▪ B3.8. Descubrir as manifestacións artísticas de comezos do século XIX, obtendo información de medios bibliográficos ou de internet e presentándoa adecuadamente.	▪ HMCB3.8.1. Establece as características propias da pintura, a escultura e a arquitectura do Neoclasicismo e o Romanticismo a partir de fontes gráficas.	▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA	Identifica obras de arte do Neoclasicismo e do Romanticismo, comparando ambos estilos.	1ª avaliación	PD PE

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización	Avaliación
a, b, c, d e, h	▪ B3.9. Independencia das colonias hispano-americanas.	▪ B3.9. Analizar utilizando fontes gráficas a independencia de Hispano-América.	▪ HMCB3.9.1. Realiza un friso cronolóxico explicativo da independencia das colonias hispanoamericanas ao comezo do século XIX.	▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CAA	Elabora un eixe cronolóxico incluíndo feitos, personaxes e símbolos.	1ª avaliación	C OU
Bloque 4. A dominación europea do mundo e a I Guerra Mundial							
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B4.1. Tránsito do século XIX ao XX: visión global.	▪ B4.1. Describir as transformacións e os conflitos xurdidos a finais do século XIX e comezos do século XX, e distinguir o seu desenvolvemento e os factores desencadeadores.	▪ HMCB4.1.1. Realiza un diagrama en que se expliquen as cadeas causais e os procesos dentro do período de finais do século XIX e comezos do XX.	▪ CSC ▪ CAA	Confecciona un mapa conceptual.	2ª avaliación	C PD OU
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B4.2. Evolución dos principais Estados en Europa, América e Asia: Inglaterra vitoriana; Francia (III República e II Imperio); Alemaña bismarckiana; o Imperio Austrohúngaro; Rusia; os Estados Unidos (da Guerra Civil ata comezos do século XX) e Xapón (transformacións de finais do século XIX).	▪ B4.2. Analizar a evolución política, social e económica dos principais países europeos, ademais de Xapón e os Estados Unidos a finais do século XIX, e presentar información que explique tales feitos.	▪ HMCB4.2.1. Elabora un eixe cronolóxico con feitos que explican a evolución durante a segunda metade do século XIX de Inglaterra, Francia, Alemaña, o Imperio Austrohúngaro, Rusia, os Estados Unidos e Xapón.	▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CAA	Elabora un eixe cronolóxico incluíndo feitos, personaxes e símbolos.	2ª avaliación	C PD OU
			▪ HMCB4.2.2. Explica a partir de imaxes as características que permiten identificar a Inglaterra vitoriana.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD	Interpreta diferentes instrumentos de traballo histórico.	2ª avaliación	C PD OU
			▪ HMCB4.2.3. Analiza textos relativos á época de Napoleón III en Francia.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL	Comenta textos históricos.	2ª avaliación	C PD OU
			▪ HMCB4.2.4. Identifica e explica razoadamente os feitos que converten Alemaña nunha potencia europea durante o mandato de Bismarck.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL	Interpreta diferentes instrumentos de traballo histórico.	2ª avaliación	C PD OU

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización	Avaliación
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B4.3. Expansión colonial dos países industriais: causas; colonización e reparto de Asia, África e outros enclaves coloniais; consecuencias.	▪ B4.3. Describir a expansión imperialista de europeos, xaponeses e estadounidenses a finais do século XIX, e establecer as súas consecuencias.	▪ HMCB4.3.1. Identifica e explica razoadamente as causas e as consecuencias da expansión colonial da segunda metade do século XIX.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL	Explica as causas e as consecuencias do imperialismo.	2ª avaliación	C PE OU
			▪ HMCB4.3.2. Localiza nun mapamundi as colonias das potencias imperialistas.	▪ CSC ▪ CD ▪ CAA	Interpreta mapas históricos.	2ª avaliación	C OU
a, b, c, d e, h	▪ B4.4. Relacións internacionais. Paz Armada: a Tripla Alianza e a Tripla Entente.	▪ B4.4. Comparar sinteticamente os sistemas de alianzas do período da Paz Armada.	▪ HMCB4.4.1. Describe as alianzas dos países máis destacados durante a Paz Armada.	▪ CSC ▪ CCL	Comenta nun mapa histórico o sistema de alianzas da Paz Armada.	2ª avaliación	C PE OU
a, b, c, d, e g, h	▪ B4.5. I Guerra Mundial: causas, desenvolvemento e consecuencias.	▪ B4.5. Distinguir os acontecementos que conducen á declaración das hostilidades da I Guerra Mundial..	▪ HMCB4.5.1. Identifica a partir de fontes históricas ou historiográficas as causas da I Guerra Mundial.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL	Explica as causas da I Guerra Mundial	2ª avaliación	C PE OU
			▪ HMCB4.5.2. Comenta símbolos conmemorativos vinculados á I Guerra Mundial.	▪ CSC ▪ CCL	Interpreta instrumentos de traballo histórico.	2ª avaliación	C PE OU
			▪ HMCB4.5.3. Analiza e explica as etapas da Gran Guerra a partir de mapas históricos.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD	Comprende as fases da I Guerra Mundial	2ª avaliación	C PE OU
			▪ HMCB4.5.4. Extrae conclusións de gráficos e imaxes sobre as consecuencias da I Guerra Mundial.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL	Entende as consecuencias da I Guerra Mundial	2ª avaliación	C PE OU
a, b, c, d, e h, m, n	▪ B4.6. Cultura e Arte no tránsito do século XIX ao XX.	▪ B4.6. Descubrir as manifestacións artísticas de finais do século XIX, obtendo información de medios bibliográficos ou de internet e presentándoa adecuadamente.	▪ HMCB4.6.1. Establece as características propias da pintura, a escultura e a arquitectura do Realismo, Impresionismo, Expresionismo... a partir de fontes gráficas.	▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA	Identifica obras de arte do Realismo,Impresionismo e do Expresionismo,comparando estilos artísticos.	2ª avaliación	PD PE

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización	Avaliación
Bloque 5. A época de entre-guerra, a II Guerra Mundial e as súas consecuencias.							
a, b, c, d, e e, h, m, n	▪ B5.1. Economía, sociedade e cultura da época: os anos vinte.	▪ B5.1. Recoñecer as características do período de entre-guerras inseríndoas nos correspondentes aspectos políticos, económicos, sociais, culturais e artísticos.	HMCB5.1.1. Explica as características do período de entre-guerras a partir de manifestacións artísticas e culturais de comezos do século XX.	CSC CCEC CCL CAA	Identifica obras de arte do período das vangardas, comparando os estilos dos diferentes artistas.	2ª avaliación	PD PE
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B5.2. Revolución Rusa; formación e desenvolvemento da URSS.	▪ B5.2. Esquematizar o desenvolvemento da Revolución Rusa de 1917 recoñecendo as súas etapas e os seus protagonistas máis significativos, e establecer as súas consecuencias.	▪ HMCB5.2.1. Identifica e explica algunhas das causas da Revolución Rusa de 1917.	▪ CSC ▪ CCL	Explica as causas e antecedentes da revolución rusa.	2ª avaliación	C PE OU
			▪ HMCB5.2.2. Compara a Revolución Rusa de febreiro de 1917 coa de outubro de 1917.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL	Entende as fases e as consecuencias da revolución rusa. Comprende o concepto de totalitarismo	2ª avaliación	C PE OU
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B5.3. Tratados de Paz e re-axuste internacional: Sociedade de Nacións.	▪ B5.3. Identificar os tratados de paz da I Guerra Mundial e establecer como unha consecuencia o xurdimento da Sociedade de Nacións.	▪ HMCB5.3.1. Explica os acordos dos tratados de paz da I Guerra Mundial e analiza as súas consecuencias a curto prazo.	▪ CSC ▪ CCL ▪ CAA	Comenta os tratados de paz da I Guerra Mundial e as súas consecuencias.	2ª avaliación	C PE OU
			▪ HMCB5.3.2. Analiza o papel que xoga a Sociedade de Nacións nas relacións internacionais, a partir de fontes históricas.	▪ CSC ▪ CCL	Interpreta instrumentos de traballo histórico.	2ª avaliación	C PE OU
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B5.4. Estados Unidos e a crise de 1929: a Gran Depresión e o "New Deal".	▪ B5.4. Explicar a Gran Depresión e describir os factores desencadeadores e as súas influencias na vida cotiá.	▪ HMCB5.4.1. Interpreta imaxes da Gran Depresión.	▪ CSC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CD	Interpreta instrumentos de traballo histórico.	2ª avaliación	C OU
			▪ HMCB5.4.2. Comenta gráficas que explican a crise económica de 1929.	▪ CSC ▪ CCL ▪ CMCCT	Comprende as causas e consecuencias da crise de 1929..	2ª avaliación	C PE OU

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización	Avaliación
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ m	▪ B5.5. Fascismos europeos e nazismo alemán.	▪ B5.5. Recoñecer a transcendencia dos fascismos europeos como ideoloxías que conduciron ao desencadeamento de conflitos no panorama europeo do momento.	▪ HMCB5.5.1. Compara o fascismo italiano e o nazismo alemán.	▪ CSC ▪ CCL	Comenta as causas do auxe dos fascismos, relacionándoas coa crise das democracias. Diferencia un estado democrático dun ditatorial. Entende o concepto de totalitarismo.	2ª avaliación	C PE OU
			▪ HMCB5.5.2. Distingue símbolos dos fascismos europeos da primeira metade do século XX.	▪ CSC	Elabora un eixe cronolóxico con feitos, personaxes e símbolos	2ª avaliación	C OU
a, b, c, d e, h	▪ B5.6. Relacións internacionais do período de entre-guerras; viraxes cara á guerra.	▪ B5.6. Comprender as relacións internacionais no período de entre-guerras como elementos importantes das causas da II Guerra Mundial.	▪ HMCB5.5.3. Analiza a partir de fontes contrapostas as relacións internacionais anteriores ao estoupido da II Guerra Mundial.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL	Interpreta instrumentos de traballo histórico.	2ª avaliación	C OU
a, b, c, d e, h	▪ B5.7. II Guerra Mundial: orixes do conflito e características xerais.	▪ B5.7. Identificar e explicar as desencadeadores da II Guerra Mundial, así como os feitos máis característicos.	▪ HMCB5.7.1. Identifica e explica as causas desencadeadores da II Guerra Mundial a partir de fontes históricas.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL	Explica as causas da II Guerra Mundial	2ª avaliación	C PE OU
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B5.8. Desenvolvemento da II Guerra Mundial.	▪ B5.8. Establecer as etapas do desenvolvemento da II Guerra Mundial, distinguindo as que afectaron a Europa e as que afectaron aos Estados Unidos e a Xapón.	▪ HMCB5.8.1. Explica as etapas da II Guerra Mundial tanto na fronte europea como na guerra do Pacífico.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL	Identifica as distintas etapas e escenarios da II Guerra Mundial	2ª avaliación	C PE OU
			▪ HMCB5.8.2. Analiza o desenvolvemento da II Guerra Mundial a partir de mapas históricos.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL	Comenta mapas históricos.	2ª avaliación	C PE OU
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B5.9. Consecuencias da II Guerra Mundial.	▪ B5.9. Analizar o papel da guerra mundial como elemento de transformación da vida cotiá.	▪ HMCB5.9.1. Describe as consecuencias da II Guerra Mundial.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL	Explica as consecuencias da II Guerra Mundial	2ª avaliación	C PE OU

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización	Avaliación
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ m	▪ B5.10. Antisemitismo: o Holocausto.	▪ B5.10. Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias.	▪ HMCB5.10.1. Analiza imaxes que explican o Holocausto levado a cabo pola Alemaña nazi.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CD	Interpreta instrumentos de traballo histórico.	2ª avaliación	C PE OU
			▪ HMCB5.10.2. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL	Adopta actitudes de respecto ás persoas, sensibilizándose ante os problemas derivados da discriminación racial, entre outras.	2ª avaliación	C PE OU
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B5.11. Preparación da Paz e a ONU.	▪ B5.11. Obter e seleccionar información escrita e gráfica relevante, utilizando fontes primarias ou secundarias, relativa á posguerra.	▪ HMCB5.11.1. Sintetiza textos que explican a intervención da ONU nas relacións internacionais e nos asuntos de descolonización.	▪ CSC ▪ CCL ▪ CAA	Comenta textos históricos.	2ª avaliación	C Ou
Bloque 6. Evolución de dous mundos diferentes e os seus enfrontamentos							
a, b, c, d, e, h	▪ B6.1. Formación do bloque comunista fronte ao bloque capitalista: Guerra Fría.	▪ B6.1. Describir os feitos políticos, económicos, sociais e culturais que explican o xurdimento dos dous bloques antagónicos, clasificándoos e presentándoos adecuadamente.	▪ HMCB6.1.1. Localiza nun mapa os países que formaban os bloques comunista e capitalista.	▪ CSC ▪ CD	Comenta un mapa histórico. Entende o concepto de guerra fría. Explica as causas da guerra fría	3ª avaliación	C PE OU
a, b, c d, e, h	▪ B6.2. Evolución das relacións entre as dúas superpotencias. Conflitos: da Guerra Fría á coexistencia pacífica e a distensión.	▪ B6.2. Interpretar a Guerra Fría, a coexistencia pacífica e a distensión, e as súas consecuencias, e establecer acontecementos que exemplifiquen cada unha destas etapas das relacións internacionais.	▪ HMCB6.2.1. Identifica e explica os conflitos da Guerra Fría a partir dun mapa histórico.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD	Comenta as distintas fases da guerra fría. Localiza nun mapa os principais conflitos desta etapa.	3ª avaliación	C PE OU
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B6.3. Evolución da economía mundial de posguerra.	▪ B6.3. Distinguir feitos que explican o enfrontamento entre os bloques comunista e capitalista, revisando as novas dos medios de comunicación da época.	▪ HMCB6.3.1. Selecciona símbolos e imaxes que se identifiquen co mundo capitalista e o mundo comunista.	▪ CSC	Interpreta instrumentos de traballo histórico. Compara o capitalismo e o comunismo.	3ª avaliación	C PE OU

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización	Avaliación
			▪ HMCB6.3.2. Extrae conclusións dos textos, imaxes, mapas e gráficas que expliquen a evolución de ambos os bloques enfrontados na Guerra Fría, e sinala a que bloque pertence e algúns motivos que explican esa pertenza.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD ▪ CMCCT	Interpreta instrumentos de traballo histórico. Explica os principais conflitos da guerra fría	3ª avaliación	C PE OU
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B6.4. Características sociais e culturais de dous modelos políticos diferentes: comunismo e capitalismo.	▪ B6.4. Comparar e analizar o modelo capitalista co comunista desde os puntos de vista político, social, económico e cultural, e exemplificar coa selección de feitos que durante este período afectan as dúas grandes superpotencias: a URSS e os Estados Unidos.	▪ HMCB6.4.1. Explica algunhas características da economía capitalista a partir de gráficas.	▪ CSC ▪ CCL ▪ CMCCT	Caracteriza a economía capitalista.	3ª avaliación	C PE OU
			▪ HMCB6.4.2. Explica algunhas características da economía comunista a partir de gráficos.	▪ CSC ▪ CCL ▪ CMCCT	Caracteriza a economía comunista.	3ª avaliación	C PE OU
			▪ HMCB6.4.3. Establece razoadamente e comparativamente as diferenzas entre o mundo capitalista e o comunista.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL	Compara o mundo capitalista e o mundo comunista.	3ª avaliación	C PE OU
			▪ HMCB6.4.4. Identifica formas políticas do mundo occidental e do mundo comunista.	▪ CSC ▪ CCL	Diferenza democracia de ditadura.	3ª avaliación	C PE OU
Bloque 7. A descolonización e o terceiro mundo							
a, b, c, d e, h	▪ B7.1. Orixes, causas e factores da descolonización.	▪ B7.1. Explicar os motivos e os feitos que conducen á descolonización, e establecer as causas e os factores que explican o proceso.	▪ HMCB7.1.1. Localiza nun mapa as zonas afectadas pola descolonización e os seus conflitos.	▪ CSC ▪ CCL ▪ CD	Comenta un mapa histórico.	3ª avaliación	C OU
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B7.2. Etapas e modelos de descolonización.	▪ B7.2. Describir as etapas e as consecuencias do proceso de descolonización, e identificar as que afectan a unhas colonias e a outras, establecendo feitos e personaxes significativos de cada proceso.	▪ HMCB7.2.1. Establece de xeito razoado as causas, os feitos e os factores que desencadean e explican o proceso descolonización	▪ CSC ▪ CCL ▪ CAA	Explica as causas etapas e modelos da descolonización.	3ª avaliación	C PE OU
			▪ HMCB7.2.2. Identifica e compara as características da descolonización de Asia e de África.	▪ CSC ▪ CCL	Elabora un cadro comparativo da descolonización de Asia e de África	3ª avaliación	C PE OU

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización	Avaliación
a, b, c, d e, h	▪ B7.3. Desenvolvemento do proceso de descolonización: papel da ONU.	▪ B7.3. Definir o papel da ONU na descolonización, analizando información que demostre as súas actuacións.	▪ HMCB7.3.1. Explica as actuacións da ONU na descolonización a partir de fontes históricas.	▪ CSC ▪ CCL	Comenta textos históricos.	3ª avaliación	C OU
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ m	▪ B7.4. O terceiro mundo e o Movemento de Países Non Aliñados: problemas dos países do terceiro mundo.	▪ B7.4. Analizar o subdesenvolvemento do terceiro mundo e establecer as causas que o explican.	▪ HMCB7.4.1. Analiza as características dos países do terceiro mundo a partir de gráficas.	▪ CSC ▪ CCL ▪ CMCCT	Explica o concepto de subdesenvolvemento e de terceiro mundo.	3ª avaliación	C PE OU
			▪ HMCB7.4.2. Localiza nun mapa os países do terceiro mundo.	▪ CSC ▪ CD	Comenta un mapa histórico.	3ª avaliación	C OU
			▪ HMCB7.4.3. Analiza textos e imaxes do Movemento de Países Non Aliñados e dos países subdesenvolvidos.	▪ CSC ▪ CCL	Interpreta instrumentos de traballo histórico.	3ª avaliación	C OU
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B7.5. Relacións entre os países desenvolvidos e non desenvolvidos; nacemento da axuda internacional.	▪ B7.5. Apreciar o nacemento da axuda internacional e o xurdimento das relacións entre os países desenvolvidos e subdesenvolvidos, reproducindo as formas de axuda ao desenvolvemento e describindo as formas de neocolonialismo dentro da política de bloques.	▪ HMCB7.5.1. Explica a evolución das relacións entre os países desenvolvidos e os países en vías de desenvolvemento, comparando a axuda internacional coa intervención neocolonialista.	▪ CSC ▪ CCL ▪ CAA	Entende o concepto de neo-colonialismo.	3ª avaliación	C PE OU
Bloque 8. A crise do bloque comunista							
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ i	▪ B8.1. A URSS e as democracias populares.	▪ B8.1. Describir a situación da URSS a finais do século XX, establecendo os seus trazos máis significativos desde unha perspectiva política, social e económica.	▪ HMCB8.1.1. Localiza nun mapa as repúblicas ex-soviéticas e os países formados tras a caída do muro de Berlín.	▪ CSC ▪ CD	Comenta un mapa histórico. Localiza e sitúa países nun mapa.	3ª avaliación	C PE OU
			▪ HMCB8.1.2. Elabora un eixe cronolóxico que ordena os acontecementos que explican a desintegración da URSS, a formación da CEI e o xurdimento das repúblicas ex-soviéticas.	▪ CSC ▪ CMCCT	Elabora un eixe cronolóxico con feitos e personaxes da época.	3ª avaliación	C PE OU

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización	Avaliación
a, b, c, d e, h	▪ B8.2. Irrupción de M. Gorbachov: Perestroika e Glasnost.	▪ B8.2. Resumir as políticas de M. Gorbachov nomeando as disposicións concernentes á Perestroika e á Glasnost, e resaltar as súas influencias.	▪ HMCB8.2.1. Describe os trazos políticos e socioeconómicos da URSS desde a época de Breznev ata a de Gorbachov.	▪ CSC ▪ CCL	Explica o proceso de apertura levado a cabo por Gorbachov na URSS.	3ª avaliación	C PE OU
a, b, c, d e, h, i	▪ B8.3. Desintegración da URSS: CEI-Federación Rusa e as novas repúblicas ex-soviéticas.	▪ B8.3. Analizar a situación creada co xurdimento da CEI e as repúblicas ex-soviéticas, recollendo informacións que resuman as novas circunstancias políticas e económicas.	▪ HMCB8.3.1. Elabora un cadro sinóptico sobre a situación política e económica das repúblicas ex-soviéticas e a CEI-Federación Rusa.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CMCCT	Comprende as consecuencias da desaparición da URSS	3ª avaliación	C PE OU
a, b, c, d e, h	▪ B8.4. Caída do muro de Berlín e evolución dos países de Europa central e oriental.	▪ B8.4. Explicar a caída do muro de Berlín e nomear as súas repercusións nos países de Europa central e oriental.	▪ HMCB8.4.1. Analiza imaxes que reflicten a caída do muro de Berlín.	▪ CSC ▪ CCL	Entende as repercusións da caída do Muro de Berlín. Explica a importancia de Berlín como símbolo da Guerra Fría.	3ª avaliación	C PE OU
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B8.5. Problema dos Balcáns. Guerra de Iugoslavia.	▪ B8.5. Identificar o problema dos Balcáns, enumerar as causas do xurdimento de tal situación e resumir os feitos que configuran o desenvolvemento de conflitos nesta zona.	▪ HMCB8.5.2. Describe e analiza as causas, o desenvolvemento e as consecuencias da guerra dos Balcáns, nomeadamente en Iugoslavia	▪ CSC ▪ CCL	Analiza a guerra dos Balcáns.	3ª avaliación	C PD OU
Bloque 9. O mundo capitalista na segunda metade do século XX							
a, b, c, d, e h, m	▪ B9.2. Estado do benestar.	▪ B9.2. Describir o Estado do benestar, aludindo ás características significativas que inflúen na vida cotiá.	▪ HMCB9.2.1. Identifica razoadamente as características e símbolos do Estado do benestar.	▪ CSC ▪ CCL	Comprende o concepto de estado de benestar	3ª avaliación	C PE OU
a, b, c, d, e, h	▪ B9.3. Proceso de construción da Unión Europea: das Comunidades Europeas á Unión.	▪ B9.3. Explicar o proceso de construción da Unión Europea enumerando os fitos máis destacados que configuran a súa evolución.	▪ HMCB9.3.1. Elabora eixes cronolóxicos sobre o proceso de construción da Unión Europea.	▪ CSC ▪ CMCCT	Realiza un eixe cronolóxico sobre a UE, con feitos, personaxes e símbolos	3ª avaliación	C PD OU
a, b, c, d e, h	▪ B9.4. Obxectivos e institucións da Unión Europea.	▪ B9.4. Coñecer os obxectivos da Unión Europea en relación coas institucións que compoñen a súa estrutura.	▪ HMCB9.4.1. Relaciona razoadamente as institucións da Unión Europea cos obxectivos que esta persegue.	▪ CSC ▪ CCL	Elabora un mapa conceptual sobre o funcionamento da UE	3ª avaliación	C PD OU

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización	Avaliación
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B9.5. Evolución dos Estados Unidos: dos anos 60 aos 90.	▪ B9.5. Describir a evolución política, social e económica dos Estados Unidos desde os anos 60 aos 90 do século XX, sintetizando os aspectos que explican a transformación da sociedade norteamericana e que constitúen elementos orixinarios do Estado do benestar.	▪ HMCB9.5.1. Realiza un eixe cronolóxico dos feitos máis significativos de tipo político, social e económico dos Estados Unidos desde os anos 60 aos 90.	▪ CSC ▪ CMCCT ▪	Realiza un eixe cronolóxico sobre a evolución dos USA. con feitos, personaxes e símbolos	3ª avaliación	C PD OU
Bloque 10. O mundo actual desde unha perspectiva histórica							
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h ▪ m	▪ B10.1. Globalización e medios de comunicación: impacto científico e tecnolóxico. Caída do muro de Berlín. Atentados de Nova York. A inmigración como fenómeno globalizado.	▪ B10.1. Analizar as características da globalización e describir a influencia dos medios de comunicación neste fenómeno, así como o impacto dos medios científicos e tecnolóxicos na sociedade actual.	▪ HMCB10.1.1. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e noutros medios dixitais.	▪ CSC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA	Interpreta instrumentos de traballo histórico.	3ª avaliación	PD C OU
			▪ HMCB10.1.2. Elabora un breve informe sobre as relacións entre inmigración e globalización a partir de fontes históricas.	▪ CSC ▪ CD ▪ CCL ▪ CSIEE	Comprende o concepto de globalización. Explica como afecta á nosa sociedade os cambios tecnolóxicos e científicos.	3ª avaliación	PD C OU
			▪ HMCB10.1.3. Extrae conclusións de imaxes e material videográfico relacionados co mundo actual.	▪ CSC ▪ CD ▪ CCL	Interpreta instrumentos de traballo histórico para entender os principais problemas do mundo actual.	3ª avaliación	C PD OU
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ m	▪ B10.2. A ameaza terrorista nun mundo globalizado.	▪ B10.2. Describir os efectos da ameaza terrorista (yihadismo, etc.) sobre a vida cotiá, e explicar as súas características.	▪ HMCB10.2.1. Realiza unha procura guiada en internet sobre a ameaza terrorista, organizacións que a sustentan, actos máis relevantes (11-S de Nova York, 11-M de Madrid 7-X de Londres, etc.), os seus símbolos e as repercusións na sociedade (cidadanía ameazada, asociacións de vítimas, mediación en conflitos, etc.), e analiza e comunica a información máis relevante.	▪ CSC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA	Interpreta instrumentos de traballo histórico. Enumera os principais conflitos do mundo actual. Rexeita calquera tipo de violencia e toma conciencia da necesidade da paz como factor resolutivo dos conflitos.	3ª avaliación	C PD OU

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización	Avaliación
▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h	▪ B10.3. Europa: reto e unión.	▪ B10.3. Resumir os retos da Unión Europea no mundo actual, identificando os seus problemas para amosarse como zona xeopolítica unida fronte a outras áreas.	▪ HMCB10.3.1. Identifica os retos actuais da Unión Europea a partir de novas xornalísticas seleccionadas.	▪ CSC ▪ CCL ▪ CAA	Interpreta instrumentos de traballo histórico.	3ª avaliación	C PD OU
Bloque 11. A historia contemporánea: o tempo histórico. Métodos e ferramentas propias da disciplina.							
▪ h ▪ l ▪ m	▪ B11.1. Tempo histórico.	▪ B11.1. Recoñecer que os acontecementos e procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	▪ HMCB11.1.1. Recoñece que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CAA	Elabora eixes cronolóxicos, mapas conceptuais, cadros sinópticos...	1ª, 2ª e 3ª avaliacións	PD C OU
▪ e ▪ g ▪ h ▪ l ▪ m ▪ i	▪ B11.2. Fontes históricas.	▪ B11.2. Localizar e seleccionar información escrita e gráfica salientable utilizando fontes primarias e secundarias (biblioteca, internet, etc.), e analizar a súa credibilidade.	▪ HMCB11.2.1. Localiza e selecciona información escrita e gráfica salientable utilizando fontes primarias e secundarias, e analiza a súa credibilidade.	▪ CSC ▪ CD ▪ CAA ▪ CCL	Interpreta instrumentos do traballo histórico.	1ª, 2ª e 3ª avaliacións	PD C OU
▪ e ▪ h ▪ i ▪ n	▪ B11.3. Vocabulario histórico e artístico da Idade Contemporánea.	▪ B11.3. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	▪ HMCB11.3.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario.	▪ CSC ▪ CCL	Utiliza o vocabulario histórico e artístico propio de cada época.	1ª, 2ª e 3ª avaliacións	PD C OU

5. Metodoloxía didáctica.

A metodoloxía didáctica seguida será activa e participativa, partindo do coñecemento do alumnado e favorecendo o traballo individual e cooperativo.

Tendo en conta as distintas metodoloxías didácticas posibles na ensinanza da Historia, optamos por aquela que utiliza o dobre recurso á construcción do coñecemento histórico sobre a base de fontes de diverso tipo e a exposición oral e dirección do profesorado na aula. É dicir, a ensinanza por exposición significativa e a investigadora.

Fomentarase a correcta expresión oral e escrita mediante o traballo en proxectos documentais, utilizando tanto os recursos e actividades da biblioteca escolar como as aulas de informática, para integrar as tics nas aulas.

Ademais dedicarase un tempo á lectura cada día, non só do propio libro de texto, senón de textos seleccionados, seguindo as pautas do proxecto lector do centro.

O profesorado será quen decida en cada momento o que debe facer na aula e como debe utilizar un determinado material ou recurso didáctico para lograr uns mellores resultados no proceso ensino-aprendizaxe, adaptando así os contidos ao alumnado que teñamos cada curso. O profesorado facilitará as explicacións pertinentes en cada tema axudando ao alumnado a distinguir o máis importante, e así poder elaborar guións, esquemas e sínteses. Traballarase cos materiais propostos no libro de texto e todos aqueles que considere necesario para o reforzo de contados, buscando a renovación e actualización dos materiais, principalmente:

- Uso de mapas, tanto mudos (para lograr identificar lugares…) como temáticos (xeográficos e históricos, para apoiar os contidos).
- Elaboración e análise de gráficas, principalmente para o estudo de aspectos demográficos e económicos.
- Realización de proxectos documentais, especialmente para os aspectos culturais e artísticos.
- Saídas guíadas.

Utilizaránse os diversos espacios dentro e fóra da aula en función da natureza das actividades que se poidan levar a cabo (dentro da aula, biblioteca, audiovisuais, aula de informática, roteiros, saídas didácticas, etc...)

Dende o o noso departamento se apoiarán todas as experiencias innovadoras levadas a cabo polo profesorado do centro, así como os distintos proxectos do noso instituto: Biblioteca Escolar, Normalización Lingüística, Proxecto Lector, Plan de Convivencia….

6. Materiais e recursos didácticos.

- *Libro do Alumnado:* da editorial Baía – Consorcio Editorial Galego.

- *Caderno do Alumnado*, onde realizará as actividades propostas polo profesorado.

- *Mapas murais (físicos, políticos, temáticos...)* da colección do departamento *e mapas mudos* para a súa elaboración por parte do alumnado.

- *Prensa e libros* tanto da biblioteca escolar como da colección do departamento.

- *Enderezos da Internet:* tanto da propia editorial Baía, como doutras páxinas web (historiasiglo20, la cuna de halicarnaso, practicopedia, sildeshare, mapas flash interactivos,cliohistoria, artehistoria, youtube, blogs, prensa, etcétera) para extraer gráficos, mapas, series estatísticas e todo tipo de materiais que reforcen e complementen os contidos, habilidades e competencias.

- *Medios audiovisuais:* Fragmentos de películas, documentais en DVD, CD-ROM da colección do departamento así como visualizacións online na Internet.

- *Realización de test interactivos.*

- *Potenciarase o uso das plataformas dixitais e redes sociais:* durante todo o curso utilizaremos basicamente a aula virtual do noso instituto, onde está rexistrado todo o alumnado.

7. Procedemento de avaliación continúa: criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción…

A avaliación das aprendizaxes do alumnado será continua, integradora e individualizada. Interésanos especialmente estar permanentemente informados da aprendizaxe do alumnado e do desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe para tomar decisións na procura dun maior aproveitamento por parte do alumnado para lograr a consecución dos obxectivos e estándares de aprendizaxe propostos. Dentro do proceso de avaliación teremos en conta as probas teóricas, os traballos de investigación, en base á metodoloxía por proxectos, o caderno de traballo na aula, e a actitude e interese pola materia.

Consideramos, por acordo de departamento que o resultado final da nota de avaliación e do curso establecese en función dos seguintes criterios cuantitativos de cualificación:

- Un **80%** da nota (**máximo: 8 puntos**) corresponde ao resultado das probas escritas ou exames, proxectos documentais e traballos de investigación. Realizaranse probas escritas, cun mínimo de dúas por avaliación. Nalgúns casos os exames poderán ser substituídos por traballos de investigación por proxectos.
- Un **20%** da nota (**máximo: 2 puntos**) corresponde a avaliación das actividades ou probas prácticas (fichas sobre material audiovisual, comentarios de mapas, textos e obras de arte), estimándose a orixinalidade, a selección de información , a elaboración propia sen copias literais de fontes de información tales como internet, enciclopedias, libros…, a presentación, a corrección ortográfica e expresiva. Tamén inclúe este apartado a valoración da actitude, e dicir, a participación no proceso de ensino-aprendizaxe, a través das intervencións na aula, a entrega en tempo e forma das tarefas, así como a presentación dos materiais de traballo (apuntes, actividades...).

As notas parciais, das dúas primeiras avaliacións, redondearanse á unidade inferior, pero se terá en conta a nota real, con decimais, para achar a media global do curso, que se aproximará á unidade máis cercana.

Tamén compre aclarar que **no caso de que o alumnado copie no exames, eses exames serán valorados cunha nota de 0 puntos, tendo a oportunidade de se presentar á recuperación da avaliación pertinente.**

O alumnado **terá que ter aprobadas todas as avaliacións para promocionar.** En caso contrario deberá presentarse a un exame final en xuño, coas avaliacións non aprobadas.

Haberá recuperacións por avaliación.

Todas as anteriores consideracións serán expostas ao alumnado durante os primeiros días do curso.

8. Procedemento de avaliación extraordinaria.

A avaliación extraordinaria de setembro ofrece ao alumando a posibilidade de realizar unha proba para superar aqueles contidos mínimos necesarios para aprobar a área. O profesorado proporcionará ao alumnado, no mes de xuño, eses contidos mínimos esixibles.

No caso de que o alumnado copie no exame, ese exame será suspendido cunha nota de 0 puntos e terá que recuperar a materia no curso seguinte.

9. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Para avaliar a nosa práctica docente e os logros da mesma, faremos reunións do departamento periodicamente nas que abordaremos o seguimento da programación prevista, o seu grao de cumprimento, as dificultades atopadas así como as medidas correctoras que se poidan tomar. Tamén nas reunións do equipo avaliador faremos análises comparativos nos que se analice a consecución dos graos de mínimos de estándares de aprendizaxe na nosa área e nas demais. En función destes análises sacaremos conclusións e, se procede tomaremos medidas correctoras do desenvolvemento da programación, que se farán constar na memoria de fin de curso. Os acordos, medidas correctoras ou modificacións das programacións produto da auto-avaliación da práctica docente faranse constar en acta.

Tamén elaboraremos informes, os profesores do departamento, despois de cada avaliación no que verteremos as nosas experiencias co desenvolvemento da práctica docente en cada grupo e prestando especial atención aos alumnos con maiores dificultades de consecución dos obxectivos mínimos. En reunións periódicas con xefatura de estudos, avaliaremos, tamén a nosa práctica docente e casos específicos nos que puidera haber dificultades, falta de recursos, problemas de organización etc.

Basearémonos na seguinte táboa para avaliar a práctica docente:

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES DE VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
Realizo a programación da miña actividade educativa tendo como referencia o Proxecto Curricular de Etapa e, no seu caso, a programación de área; instrumentos de planificación que coñezo e utilizo.		
Planifico as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos (persoais, materiais, de tempo, de espazo) axustados á programación didáctica e as necesidades do alumnado.		
Selecciono e temporizo os contidos da miña programación de aula cunha distribución e unha progresión adecuada ás características de cada grupo de alumnos.		
Formulo os obxectivos didácticos de forma que expresan claramente os estándares de aprendizaxe que os meus alumnos e alumnas deben conseguir como reflexo e manifestación da intervención educativa.		
Establezo, de modo explícito, os criterios e instrumentos de avaliación e auto avaliación que permiten facer o seguimento do progreso dos alumnos e comprobar o grao en que alcanzan na adquisición das competencias básicas.		
Adopto estratexias e programo actividades en función dos obxectivos didácticos, dos distintos tipos de contidos e das características do alumnado.		
Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada co profesorado que imparte en 2º da ESO e co departamento de Xeografía e Historia.		

10. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Para o alumnado coa materia pendente de anos anteriores, o departamento establece e elabora unha guía de traballo na que se incorporan unha serie de actividades. Esta guía, xunto cos criterios de avaliación se lle comunicará ao alumnado nunha reunión convocada ao efecto. A valoración do traballo realizado servirá para avaliar ao alumnado coa materia pendente.

En caso dunha valoración negativa, o alumnado poderá optar a facer os exames de pendentes programados tanto no mes de maio como no de setembro.

11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais e colectivas que se poidan adoptar.

Durante os primeiros días do curso faremos actividades iniciais diversas de tipo procedimental, para observar ao alumnado no uso das diversas fontes xeográficas e históricas, tales como a utilización e manexo do libro de texto e de atlas, a lectura en voz alta, a e descrición de mapas e imaxes xeográficas e históricas e a interpretación de liñas do tempo; tamén se realizarán probas sinxelas de coñecemento de vocabulario xeográfico e histórico básico.

Esta avaliación inicial acompañarase da observación directa dos materiais producidos polo alumnado así como da información recollida nas reunións do departamento, da opinión do profesorado que coñeza ao alumnado, do apoio do gabinete de orientación e da reunión de pre-avaliación que convoca a xefatura de estudios durante o primeiro mes do curso, para indagar sobre as características do alumnado.

12. Medidas de atención á diversidade.

Aceptada a diversidade dos niveis de madurez entre o alumnado dunha aula, deseñaremos as estratexias adecuadas para garantir unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Haberá actividades de reforzo e de ampliación e faranse agrupamentos flexibles en función das necesidades de traballo.

13. Elementos transversais.

A materia de Xeografía e Historia cumpre como un vehículo axeitado para desenvolver todos os elementos transversais do currículo. Neste senso compre destacar a metodoloxía por proxectos documentais integrados, cada vez máis utilizada polos membros do noso departamento para contribuír así á formación de usuarios, ao fomento da lectura, á alfabetización informacional e á educación documental.

A comprensión lectora desenvolverase mediante unha serie de medidas de contribución ao Proxecto Lector e ao Plan Anual de Lectura do noso instituto:

- Participación activa nas actividades programadas como a HORA DE LER e outras deseñadas polo equipo da biblioteca escolar.
- Traballo en proxectos documentais con fondos da nosa biblioteca.
- Levaremos á lectura á aula de xeito sistemático e periódico. Utilizaremos os recursos da biblioteca na que dispoñemos de fondos axeitados de lectura xuvenil con contido histórico e narrativa histórica.

A expresión oral e escrita tamén se traballará non só a través das probas e actividades, senón mediante a metodoloxía de traballo por proxectos, xa que o obxectivo final destes proxectos será a presentación escrita e oral do alumnado participante.

A comunicación audiovisual é outro elemento transversal propio da actividade cotiá na nosa área, mediante:

- Traballo en proxectos documentais con fondos da nosa biblioteca.
- Utilización das colecciónns documentais do departamento e da biblioteca así como das obtidas a través da rede.
- Participación nos programas, proxectos e actividades da biblioteca, equipo de dinamización e vicedirección.

Como medidas de contribución ás tecnoloxías de información e comunicación (TICS) tomaremos as seguintes:

- Nos proxectos documentais integrados o alumnado estará en permanente contacto coas fontes dixitais grazas a procura de información en rede, dun xeito selectivo.
- Os proxectos documentais deberán presentarse en soporte dixital.
- Utilización de cartografía dixital na rede.
- Visita de páxinas de información estatística, cartográfica, xeográfica, histórica e artística para traballar con fins educativos.
- Participación nos diversos blogs de contido histórico e xeográfico, así como nas redes sociais do instituto e da biblioteca.

A participación nas actividades descritas tamén desenvolverán no alumnado o emprendemento, xa que logo valoraranse aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Outro elemento transversal fundamental no desenvolvemento curricular da Xeografía e Historia é a educación cívica e constitucional, polo que todas as actividades, traballos, proxectos e propostas que se mencionan con anterioridade estarán enfocadas a:

- Desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, da igualdade de trato e da non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade,
- Resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social,
- Fomento dos valores que sustentan o Estado de dereito como a liberdade, a xustiza, a igualdade, a pluralidade, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos,
- Rexeitamento de calquera tipo de violencia, incluída a violencia terrorista, de racismo, de xenofobia.
- Rexeitamento de calquera tipo de explotación, abuso e maltrato.
- Rexeitamento de calquera tipo de comportamento sexista e dos estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Defensa do desenvolvemento sustentable do medio, promovendo actitudes para loitar contra o quecemento global.

Tamén compre destacar a educación para a saúde para favorecer, en xeral, comportamentos que contribuían a promoción, o mantemento e a restauración da saúde.

14. Actividades complementarias e extraescolares.

Dende o departamento de Xeografía e Historia tómase a decisión de que este curso organizaremos saídas didácticas pola nosa contorna, destacando especialmente a nosa participación nas actividades programadas en conmemoración de Florencio Delgado Gurriarán, homenaxeado nas Letras Galegas de 2022.

Tamén quedaremos a espera de que se podan realizar viaxes a algunha das cidades galegas, en función da información que nos traslade a vicedirección.

Iso si promoveremos a participación e colaboración activa nas actividades complementarias programadas dentro do centro polos diversos organismos (vicedirección, biblioteca escolar, equipo de normalización lingüística , etcétera)..

15. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas e procesos de mellora.

Os membros do departamento estaremos pois utilizando a programación como instrumento de traballo e referencia.

Nas reunións periódicas do departamento durante o curso (mínima unha ao mes) faremos unha posta en común sobre o desenvolvemento da programación e a súa posta en práctica.

Anotaremos en actas as dificultades, carencias, problemas, aspectos a mellorar, aspectos que funcionan ben, posibles problemas de temporalización, adecuación de obxectivos, necesidades que detectemos, particularidades específicas dalgúns cursos e grupos, e, por supostos, a avaliación do alumnado e os seus resultados.

Ao final de curso faremos un informe ou memoria, baseándonos na observación continua recollida e nos resultados finais, para reestruturar o que se considere oportuno, sempre de acordo todos os membros do departamento, de maneira que quede modificada para o vindeiro curso.